



ACTA DE SESION CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA OITO DE OUTUBRO DE 2015, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO URXENTE

SRES. ASISTENTES:

- Alcalde-Presidente: D. JOSE LUIS GONZALEZ RODRIGUEZ
- Tenente de Alcalde: D. XOSE UXIO RODRIGUEZ BLANCO
Dna. ELENA FREIJEDO LEDO
D. FLORENTINO NOGUEIRA RODRIGUEZ
- Secretario: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Piñor, sendo as 21.20 horas do 8 de outubro do 2015, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don José Luís González Rodríguez, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA URXENTE a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO.- Aprobación, se procede, do Convenio Marco entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos para a inspección de tributos municipais.

Pola presidencia propónse a aprobación da urxencia para o debate deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Considerando que o citado punto é competencia deste órgano, pola delegación de competencias na Xunta de Goberno Local aprobada na sesión plenaria do 28 de setembro do 2015.

A vista do Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais en materia de inspección de tributos municipais, ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Piñor ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación de Ourense, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias municipais de inspección das taxas correspondentes os suministros de electricidade e telefonía fixa, así como tamén das empresas explotadoras de redes de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica con independencia do seu carácter público ou privado.

TERCEIRO.- Autorizar á Deputación Provincial de Ourense a solicitar dos órganos competentes da Administración do Estado a delegación do exercicio das competencias de inspección do imposto de actividades económicas, durante o período de vixencia do convenio marco.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade este acordo.

Conclúe ao fin das 21.30 horas.

